

## **Propostas finais Rocío**

O meu obxectivo sería o seguinte:

- Que todos puiderades probar as montaxes que propuxen con Arduino
- Que todos puiderades comunicar elementos conectados en diferentes dispositivos a través do servidor MQTT
- Que todos puiderades interactuar cos dispositivos subscritos os topics de MQTT , xa sexa dende a consola (terminal) ou dende Node-Red
- Que provemos a manipular unha electroválvula de gas real con alimentación a 230 V tendo en conta a detección de gases combustibles

E logo para quen teña interés propono 2 tarefas novas para darlle voltios a cousa:

- Control dun motor de persiana real con alimentación a 230 V, a través dun bloque de 2 relés que traballan a nivel baixo, e tendo como entradas 2 pulsadores
- Control dunha electroválvula de auga para rego real con alimentación a 230 V, a través dun relé que traballa a nivel alto, e tendo como entradas un interruptor e o sensor de humidade do chan